



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MANCOMUNIDADES

#### MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL

*Aprobación inicial do Orzamento Xeral da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para o exercicio 2024*

O Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, na sesión celebrada o día 11 de decembro do 2023, aprobou a proposta inicial do Orzamento Xeral do ano 2024.

Consonte o establecido nos artigos 177.2 e 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado no RDL 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público o expediente polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se poidan presentar as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán ao presidente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

No suposto de que non se presenten reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o Orzamento Xeral do exercicio 2024.

O expediente poderá consultarse na sede da Mancomunidade, Praza de Armas s/n, Ferrol, ou ben no taboleiro de anuncios da web da Mancomunidade en [www.comarcaferrolterra.es](http://www.comarcaferrolterra.es).

Ferrol, 12 de decembro do 2023,  
O presidente da Mancomunidade,  
José Manuel Rey Varela

2023/9779